

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Anuncio de creación da Mesa de Contratación Permanente

ANUNCIO

CREACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2019 adoptou o seguinte acordo en relación á creación da Mesa de Contratación Permanente:

PRIMEIRO.–Con respecto á Mesa Permanente de Contratación en relación cos expedientes suxeitos a anterior normativa: Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, a Mesa de contratación para os procedementos e co réxime xurídico indicado no acordo do 25/6/2019 queda composta do seguinte xeito:

Presidente/a:

O alcalde-presidente

Vogais:

A secretaria xeral municipal

A interventora xeral municipal

O arquitecto técnico municipal

O concelleiro de Promoción Económica, Facenda, Industria, Traballo, Seguridade Cidadá e Medio Rural: Xosé Igrexas García.

Secretario/a:

O funcionario/a que desempeñe o posto de xefe de negociado de servizos xerais, que poderá ser substituído por un funcionario do Concello designado pola alcaldía da subescala administrativa ou superior.

Substitucións:

En caso de vacante, ausencia, enfermidade u outra causa legal que impida a asistencia dos titulares, estes serán substituídos: o presidente polo tenente de alcalde que corresponda no seu caso, a secretaria xeral polo funcionario a quen corresponda a súa substitución accidental; a interventora xeral polo funcionario ao que corresponda a súa substitución accidental; o arquitecto técnico municipal por un concelleiro/a integrante do grupo de goberno designado pola alcaldía; o concelleiro de Promoción Económica, Facenda, Industria, Traballo, Seguridade Cidadá e Medio Rural por un concelleiro integrante do grupo de goberno designado pola alcaldía.

SEGUNDO.–Crear en relación coas contratacións suxeitas á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público a Mesa de Contratación permanente para todos os procedementos de contratación ao abeiro do disposto nos artigos 326 en relación coa disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e co o disposto no artigo 21.4 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que queda composta do seguinte xeito:

Presidente/a:

Titular: o concelleiro de Promoción Económica, Facenda, Industria, Traballo, Seguridade Cidadá e Medio Rural: Xosé Igrexas García.

Suplente: Maika Basalo Santín, concelleira de Cultura, mocidade e turismo.

Vogais:

Titular: a secretaria xeral municipal, María Cruz Andrade García.

Suplente: o funcionario que a substitúe con carácter accidental ou quen legalmente a substitúa.

Titular: a interventora xeral municipal, María Teresa Buján Mosquera.

Suplente: o funcionario que a substitúe con carácter accidental ou quen legalmente a substitúa.

Titular: o xefe do Servizo de Urbanismo, Enrique Baladrón Cabezón,

Suplente: o funcionario/a que o substitúa.

Titular: a concelleira de Política Social, Igualdade e Saúde, María Carmen Liñeira Sánchez

Suplente: José María Santín Amo, concelleiro de Participación cidadá e transparencia.

Secretario/a:

O funcionario/a que desempeñe o posto de xefe de negociado de servizos xerais (María del Mar Guardo Bande), que poderá ser substituída por un funcionario/a do Concello designado pola alcaldía da subescala administrativa ou superior.

TERCEIRO.–Réxime Xurídico da Mesa de Contratación Permanente.

1.- A Mesa de Contratación permanente reunirse naqueles casos nos que a convoque a alcaldía, en atención aos expedientes de contratación que deba de coñecer e que, conforme ao artigo 326 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esixan a súa intervención.

2. Para a válida constitución da Mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros e, en todo caso, o presidente, o secretario, e como vogais a Secretaria e a Interventora Xerais.

3.- Todos os membros da Mesa de Contratación terán voz e voto, agás o secretario que actuará con voz pero sen voto. A Mesa poderá propoñer á Presidencia o nomeamento de cantos asesores considere conveniente en razón dos seus especiais coñecementos técnicos, que poderán asistir ás súas reunións, con voz e sen voto, naqueles procedementos de contratación nos que a complexidade das valoracións das ofertas así o aconselle, sen que teñan a consideración de membros da Mesa de Contratación, nin outra función que a de informar e asesorar de forma non vinculante.

4. A Mesa de Contratación Permanente rexerase, en canto ao seu funcionamento, pola presente Resolución, e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no disposto no artigo 21.4 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A composición das mesas de contratación para cada contrato publicarase no perfil do contratante sen prexuízo da publicación do presente acordo no BOP de A Coruña.

CUARTO.–Efectos.

A presente Resolución debe publicarse no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia e producirá efectos dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.–Dar traslado deste acordo interesados.

SEXTO.–Facultar o alcalde para a realización de cantos trámites sexan necesarios en dereito para a execución deste acordo, entre elas dar conta á Xunta de Goberno Local unha vez que se constituía en canto órgano que ten delegadas as competencias en materia de contratación tanto da Alcaldía como do Pleno.

Melide, 23 de xullo de 2019.

O alcalde

José Manuel Pérez Penas

2019/6264